



- Hai que acabar de fumar este cigarrinho.
- Si... Ah! Bueno.
- Calai, calai!

I apunten señores
en papel marelo
que morreu a vaca
do Manuel do Guelfo.
Ai, si, do Manuel do Guelfo
ai, si, do Manuel do Guelfo.

I o Manuel do Guelfo
choraba por ela
i adiós, miña vaca
miña vaca vella.
Ai, si, miña vaca vella
ai, si, miña vaca vella.

I a vaca de morta
regañaba os dentes
i adiós meus cuñaos
todos meus parentes.
Ai, si, todos meus parentes
ai, si, todos meus parentes

I a vaca de morta
requichaba o rabo
i adiós meus sobriños
todos meus cuñados.
Ai, si, todos meus cuñados
ai, si, todos meus cuñados

I adiós miña vaca
miña camarada
quen me ha de facer
toda a miña arada.
Ai, si, toda a miña arada
ai, si, toda a miña arada.

Toda a túa arada
non che ha de faltar
tes dúas xatas novas
vainas amansar.
Ai, si, vainas amansar
ai, si, vainas amansar-e.



Adiós, miña vaca,
miña compañeira,
quen me ha de levar
o abono á leira.
Ai, si, o abono á leira
ai, si, o abono á leira.

I o abono á leira
non che ha de faltar
tes dous xatos novos
vainos amansar.
Ai, si, vainos amansar-e
ai, si, vainos amansar-e

Adiós miña vaca,
miña camarada,
quen ha de dormir
comigo na cama.
Ai, si, comigo na cama
ai, si, comigo na cama.

Contigo na cama
non che ha de faltar
porque quen tu eres
logo has de buscar.
Ai, si, logo has de buscar
ai, si, logo has de buscar.¹

I o Manuel do Guelfo
que reprende o gallo
que anda pola calle
feito un ciringallo.
Ai, si, feito un ciringallo
ai, si, feito un ciringallo.

I o Manuel do Guelfo
que reprende o rizo
que anda pola calle
parece un carrizo.
Ai, si, parece un carrizo
ai, si, parece un carrizo.

- Acabouse.

Nota no cartafol orixinal de Dorothé Schubarth: As xatas según o cantador son as fillas, os xatos os fillos.”

Nota de edición da presente ficha: ¹ Estas coplas aparecen escritas no caderno pero non están na gravación.